

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

6622 *Real decreto 586/2020, do 23 de xuño, relativo á información obrigatoria en caso de emerxencia nuclear ou radiolóxica.*

Por Acordo do Consello de Ministros do 1 de outubro de 1999, relativo á información do público sobre medidas de protección sanitaria aplicables e sobre o comportamento que hai que seguir en caso de emerxencia radiolóxica, foi trasposta ao dereito español a Directiva 89/618/ Euratom do Consello, do 27 de novembro de 1989, relativa á información da poboación sobre as medidas de protección sanitaria aplicables e sobre o comportamento que hai que seguir en caso de emerxencia radiolóxica. Con este acordo establecéronse uns principios comúns e disposicións específicas sobre as citadas materias, que teñen como obxectivo todos aqueles grupos de poboación para os que se adoptase un plan de actuación en previsión de casos de emerxencia nuclear ou radiolóxica.

Con posterioridade, o Goberno aprobou un conxunto de plans e directrices de actuación relativos ao risco nuclear e radiolóxico: o Plan básico de emerxencia nuclear (Plaben), mediante o Real decreto 1546/2004, do 25 de xuño; a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco radiolóxico, mediante o Real decreto 1564/2010, do 19 de novembro; os plans directores de emerxencia nuclear exteriores ás centrais nucleares de José Cabrera y Trillo (Pengua), Almaraz (Penca), Ascó e Vandellós (Penta), Santa María de Garoña (Penbu) e Cofrentes (Penva), aprobados mediante os acordos de Consello de Ministros do 16 de outubro de 2009; e o Plan estatal de protección civil ante o risco radiolóxico, mediante o Real decreto 1054/2015, do 20 de novembro. Pola súa vez, as comunidades autónomas aprobaron os correspondentes plans especiais de protección civil ante o risco radiolóxico.

O Plaben establece que os plans de emerxencia nuclear exteriores ás centrais nucleares elaborados seguindo as súas directrices deberán garantir, ademais da información preventiva á poboación mediante programas de información previa á poboación potencialmente afectada, a cobertura informativa da poboación efectivamente afectada en situación de emerxencia, de forma rápida e eficaz, e atribúe estas responsabilidades aos directores dos plans de emerxencia nuclear exteriores ás centrais nucleares (PEN). Así mesmo, establece a obrigaón dos titulares das instalacións de colaborar en actividades de implantación e mantemento da eficacia dos PEN, como programas de información preventiva á poboación. No que concirne especificamente á información á poboación das contornas das centrais nucleares, por Resolución da Subsecretaría do Interior, do 7 de xuño de 2005, aprobouse a Directriz de información previa á poboación nos plans de emerxencia nuclear, en que se establecen as liñas de actuación que hai que seguir en materia de información previa á poboación das zonas I e II de planificación definidas nos plans de emerxencia nuclear, incluídas as poboacións de dereito, de feito, estacionais e transeúntes, así como a unha serie de colectivos específicos, tales como a poboación escolar; o profesorado e o persoal non docente dos centros escolares; os profesionais dos medios de comunicación social con

implantación local e, de modo moi especial, aqueles con que exista un acordo; axentes de desenvolvemento local e traballadores sociais; responsables de seguridade e empregados de institucións, instalacións, industrias, sector turístico e locais de pública concorrencia, etc.

A Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco radiolóxico igualmente establece que, co obxectivo de que a poboación potencialmente afectada coñeza o plan de emerxencia e as medidas de protección que hai que adoptar e de fomentar a súa adecuada reacción en caso de emerxencia, os plans especiais ante o risco radiolóxico, desenvolvidos conforme os criterios nela establecidos, deberán pór en práctica programas de información previa á poboación, ao mesmo tempo que deberán garantir a información, en situacións de emerxencia, non só da poboación efectivamente afectada e do público en xeral, senón igualmente do persoal de intervención que no transcurso da emerxencia deberá ser informado sobre os riscos para a súa saúde que entraña a súa intervención e sobre as medidas de protección que deban adoptar. En aplicación da Directriz básica aprobouse o Plan estatal de protección civil ante o risco radiolóxico, o cal atribúe ao órgano de dirección, entre outras funcións, propor políticas informativas destinadas á poboación afectada pola emerxencia, aos medios de comunicación social e ao persoal interveniente.

Por outra parte, a anteriormente mencionada Directiva 89/618/ Euratom do Consello, do 27 de novembro de 1989, foi derogada coa aprobación da Directiva 2013/59/Euratom do Consello, do 5 de decembro de 2013, pola que se establecen normas de seguridade básicas para a protección contra os perigos derivados da exposición a radiacións ionizantes. Entre as disposicións desta última directiva establécense requisitos para que os Estados membros informen a poboación sobre as medidas de protección sanitaria aplicables e sobre o comportamento que hai que seguir en caso de emerxencia radiolóxica, e para que a poboación que poida verse afectada por tal emerxencia sexa informada de forma periódica e con antelación. Así mesmo, establece requisitos para a coordinación da información á poboación e das medidas de protección con outros Estados membros e terceiros países que poidan verse afectados por unha emerxencia acaecida no seu territorio, con potenciais consecuencias transfronteirizas.

Pola súa vez, a Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, establece, no seu artigo 6, o dereito á información de todos os cidadáns acerca dos riscos colectivos importantes que os afecten, as medidas previstas e adoptadas para facerles fronte e as condutas que hai que seguir para previlos. E que a dita información deberá proporcionarse tanto en caso de emerxencia, como, preventivamente, antes de que as situacións de perigo cheguen a estar presentes. Ese dereito á información é correlativo na lei coa obrigaición dos poderes públicos a proporcionala, establecida no mesmo artigo 6, así como dos titulares de centros, establecementos e dependencias, en que se realicen actividades susceptibles de xerar emerxencias, de acordo co establecido no artigo 7.bis.7.

Doutra parte, a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establecen os dereitos dos cidadáns a recibir información relativa aos condicionantes de saúde como factores que inflúen no nivel de saúde da poboación e, en particular, sobre os riscos biolóxicos, químicos, físicos, ambientais, climáticos ou doutro carácter, relevantes para a saúde da poboación e sobre o seu impacto, información que será proporcionada con carácter de urxencia en caso de que o risco sexa inmediato, e a obrigaición das administracións sanitarias de informar sobre a presenza de

riscos específicos para a saúde da poboación, que deberá incluír unha valoración do seu impacto na saúde, das medidas que adopten as administracións sanitarias ao respecto e das recomendacións para a poboación.

Tendo en conta todo isto, resulta necesario traspor ao dereito español o que a Directiva 2013/59/Euratom do Consello, do 5 de decembro de 2013, dispón. Mediante o presente real decreto traspóñense, en particular e integramente, os artigos 70 e 71, así como o anexo XII, e de maneira parcial os artigos 17 e 99, nos aspectos referidos á información que hai que subministrar. Recolle, ademais do contido da información previa que deberá proporcionarse á poboación que poida verse afectada en caso emerxencia nuclear ou radiolóxica, o contido daquela que deberá subministrarse á poboación realmente afectada pola emerxencia, á poboación en xeral, ao persoal de intervención adscrito aos plans de emerxencia nuclear de nivel de resposta exterior e aos plans especiais de protección civil ante o risco radiolóxico, á Unión Europea, a outros organismos internacionais e a Estados membros e terceiros países que poidan estar afectados por unha emerxencia nuclear ou radiolóxica ocorrida en territorio español.

En canto ao seu contido e tramitación, o real decreto adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, atendendo aos principios de necesidade e eficacia, a regulación destes requisitos en materia de información obedece ao interese xeral e redúnda positivamente na protección da poboación e do persoal de intervención contra os posibles riscos derivados da exposición a radiacións ionizantes, como consecuencia de emerxencias nucleares e radiolóxicas.

En canto aos principios de proporcionalidade e de seguridade xurídica, a disposición contén a regulación imprescindible para os fins expostos, resulta coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, e xera un marco estable e claro que facilita o seu coñecemento. E, finalmente, é conforme coas exixencias dos principios de transparencia e de eficiencia, xa que na súa elaboración participaron activamente os colectivos afectados e non se producirá incremento do gasto orzamentario.

Na elaboración do real decreto deuse audiencia aos cidadáns e sectores afectados, foi consultado o Consello Nacional de Discapacidade e emitiron informe favorable o Pleno do Consello Nacional de Protección Civil e o Pleno do Consello de Seguridade Nuclear.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Sanidade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente real decreto ten por obxecto establecer as normas e procedementos de información sobre medidas de prevención e protección aplicables, xunto con outro tipo de información relevante, á poboación que poida resultar afectada e a aquela que resulte efectivamente afectada en caso dunha emerxencia nuclear ou radiolóxica, ao persoal de intervención dos plans de emerxencia nuclear de nivel de resposta exterior e dos plans especiais de protección civil ante o risco radiolóxico, así como á Unión Europea, aos seus Estados membros, a terceiros países e a outras organizacións internacionais.

2. A información a que se refire o número anterior comunicarase sen necesidade de que sexa solicitada.

3. A información facilitarase en formatos, soportes e medios adecuados, de modo que sexa plenamente accesible e comprensible a persoas con discapacidade de calquera tipo.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Emerxencia de protección civil: situación de risco colectivo definida no artigo 2.5 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil.

b) Emerxencia nuclear: situación ou suceso non habitual que implica unha fonte de radiación e exige unha intervención inmediata para mitigar as consecuencias adversas graves para a saúde e seguridade humanas, a calidade de vida, os bens ou o ambiente, ou un perigo que poida dar lugar a esas consecuencias adversas, que ten lugar nunha central nuclear localizada no territorio nacional.

c) Emerxencia radiolóxica: situación ou suceso non habitual que implica unha fonte de radiación e exige unha intervención inmediata para mitigar as consecuencias adversas graves para a saúde e seguridade humanas, a calidade de vida, os bens ou o ambiente, ou un perigo que poida dar lugar a esas consecuencias adversas, que ocorre noutra actividade ou instalación regulada, distinta das centrais nucleares, localizada en territorio español; en instalacións ou actividades nucleares ou radioactivas situadas noutros países, nas cales un accidente implica consecuencias radiolóxicas nalgunha parte do territorio nacional que requiran tomar algunha medida de protección para a poboación ou o ambiente; ou noutras instalacións ou actividades non reguladas en que poida existir excepcionalmente risco radiolóxico.

d) Exposición: acción e efecto de someter as persoas ás radiacións ionizantes.

e) Exposición médica: exposición a que se someten pacientes ou persoas asintomáticas no marco do seu propio diagnóstico ou tratamento médico ou dental, destinada a beneficiar a súa saúde ou benestar, así como a exposición a que se someten os cuidadores e voluntarios na investigación médica ou biomédica.

f) Exposición ocupacional: exposición dos traballadores, persoas en formación e estudantes durante o desempeño do seu traballo.

g) Instalacións ou actividades reguladas: aquelas que habitualmente utilizan substancias nucleares ou radioactivas, incluídas no ámbito de aplicación no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro.

h) Instalacións ou actividades non reguladas: aquelas en que poida existir excepcionalmente risco radiolóxico, distintas ás definidas no punto anterior.

i) Intervención: actividade humana que evita ou reduce a exposición das persoas á radiación procedente de fontes que non son parte dunha práctica ou que están fóra de control, actuando sobre a fonte, as vías de transferencia e as propias persoas.

j) Plan de nivel de resposta exterior: medidas para planificar, para efectos de protección civil, unha resposta adecuada no exterior das instalacións nucleares ou radioactivas, ou noutras instalacións ou actividades non reguladas en que poida existir excepcionalmente risco radiolóxico, en caso de producirse unha exposición de emerxencia a partir de sucesos hipotéticos e as circunstancias correspondentes.

Inclúe:

i. Os plans de emerxencia nuclear do nivel de resposta exterior, ou plans de emerxencia nuclear.

ii. Os plans especiais de protección civil ante o risco radiolóxico.

k) Práctica: actividade humana que pode aumentar a exposición das persoas ás radiacións procedentes dunha fonte de radiación e que se xestiona como situación de exposición planificada.

l) Poboación: persoas que poden estar sometidas a exposición que non sexa ocupacional ou médica.

m) Persoal de intervención en emerxencias: calquera persoa cun labor definido nunha emerxencia nuclear ou radiolóxica e que pode resultar exposta ás radiacións ionizantes mentres actúa en resposta á emerxencia nuclear ou radiolóxica. No marco deste real decreto refírese exclusivamente ao persoal de intervención adscrito aos plans de nivel de resposta exterior.

n) Autoridade sanitaria competente: no caso das emerxencias derivadas das centrais nucleares, corresponderá á Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación do Ministerio de Sanidade. Nos demais casos, ás autoridades sanitarias das comunidades autónomas.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto é de aplicación en todo o territorio nacional tanto en fase preventiva como ante unha eventualidade de emerxencia nuclear ou radiolóxica que poida dar lugar a unha exposición da poboación.

CAPÍTULO II

Información previa para a poboación que poida resultar afectada por unha emerxencia nuclear ou radiolóxica

Artigo 4. O deber de información previa.

1. Están obrigados a facilitar a información previa á poboación que poida verse afectada os directores dos plans de nivel de resposta exterior que corresponda, de acordo cos criterios establecidos neste real decreto e coas previsións dos propios plans.

2. Así mesmo, estarán obrigados os titulares das centrais nucleares e os daqueles centros que poden dar lugar a riscos radiolóxicos significativos no exterior da localización, é dicir, os titulares dos establecementos e instalacións susceptibles de encadrárense nos grupos de emerxencia radiolóxica I e II do anexo I «Grupos de emerxencias radiolóxicas» da Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco radiolóxico, aprobada polo Real decreto 1564/2010, do 19 de novembro. Os ditos titulares deberán comunicar, ao director do plan de emerxencia nuclear ou ao director do plan especial de protección civil ante o risco radiolóxico da comunidade autónoma que en cada caso corresponda, os programas de información postos en práctica e a información facilitada, os cales deberán reunir as especificacións do anexo I e as que se establezan nos correspondentes plans de nivel de resposta exterior.

3. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e o Consello de Seguridade Nuclear, por solicitude dos órganos competentes en materia de protección civil das comunidades autónomas e, se for o caso, das autoridades sanitarias competentes formulada a través destes, poderán prestar apoio técnico na elaboración e aplicación de programas de información previa da competencia daqueles.

4. No caso dos plans de emerxencia nuclear, os obxectivos e procedementos dos programas preventivos de información previa que hai que desenvolver coa periodicidade necesaria estableceranse de acordo coas correspondentes directrices que serán aprobadas pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, logo de informe favorable do Consello de Seguridade Nuclear e da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación.

Artigo 5. Contido da información previa.

1. O contido da información previa incluirá, como mínimo, os elementos que figuran no anexo I.

2. Esta información será accesible á poboación de maneira permanente. Para isto poderán utilizarse as páxinas web correspondentes aos distintos órganos ou entidades obrigados a facilitala, de acordo co artigo 4.

Artigo 6. Actualización do contido da información previa.

1. Os resultados da aplicación dos programas preventivos de información previa valoraranse periodicamente para establecer as posibles modificacións en contidos e procedementos de comunicación, que permitan mellorar a eficacia dos programas sucesivos.

2. No caso dos plans de emerxencia nuclear, a frecuencia desas valoracións será, como mínimo, dunha vez cada catro anos, e os seus resultados incorporaranse ás directrices aprobadas pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias.

3. No caso dos plans especiais de protección civil ante o risco radiolóxico, a frecuencia das valoracións será a que neles se estableza.

CAPÍTULO III

Información para a poboación efectivamente afectada en caso de emerxencia nuclear ou radiolóxica

Artigo 7. O deber de información en emerxencia nuclear ou radiolóxica.

1. En caso de emerxencia nuclear ou radiolóxica, os directores dos plans de nivel de resposta exterior estarán obrigados, de acordo cos procedementos establecidos nos ditos plans, a alertar e informar sen dilación a poboación efectivamente afectada sobre os datos da situación de emerxencia, sobre o comportamento que deba adoptarse e, dado o caso, sobre as medidas de protección sanitaria que lles sexan aplicables.

2. Os directores dos plans de nivel de resposta exterior actuarán nesa tarefa de información coa necesaria cooperación e asesoramento do Consello de Seguridade Nuclear e da autoridade sanitaria competente, do titular da instalación nuclear ou radioactiva que está sufrindo o accidente, e de calquera outra organización cuxo concurso sexa relevante na información que se subministra.

3. Os directores dos plans de resposta exterior velarán por que as actuacións previstas de coordinación da información á poboación efectivamente afectada en caso de emerxencia nuclear ou radiolóxica sexan exercidas e avaliadas.

4. Naqueles casos de emerxencias nucleares ou radiolóxicas que non teñan consecuencias no exterior e para as cales non sexa necesaria a activación dos correspondentes plans de nivel de resposta exterior, será o Consello de Seguridade Nuclear o organismo encargado de informar a poboación sobre a situación, os aspectos técnicos involucrados nesta e as medidas adoptadas, a través dos medios de comunicación social e de calquera outro sistema que considere adecuado, observando en todo caso as medidas de accesibilidade necesarias para o acceso á información das persoas con discapacidade.

Artigo 8. Contido da información en emerxencia nuclear ou radiolóxica.

1. O contido da información subministrada referirase a aqueles puntos que figuran no anexo II que sexan pertinentes segundo a emerxencia.

2. Esta información poderá proporcionarse a través das páxinas web correspondentes aos distintos órganos obrigados a facilitala, de acordo co artigo 7.

3. En especial, deberá garantirse a súa correcta recepción e comprensión polas persoas con discapacidade.

Artigo 9. Actualización do contido da información en emerxencia nuclear ou radiolóxica.

1. A información que deba facilitarse á poboación efectivamente afectada actualizarase coa periodicidade que resulte necesaria para mantela perfectamente

informada e, en particular, sempre que se produza un suceso relevante para o devir da emerxencia, ou cambien as condicións, ou se requira a aplicación doutras medidas de protección ou a modificación das medidas xa implantadas.

Nese proceso os directores dos plans contarán coa colaboración e o asesoramento técnico do Consello de Seguridade Nuclear e da autoridade sanitaria competente.

2. En canto non se dea por finalizada a emerxencia nuclear ou radiolóxica, deberá haber, ao menos, unha actualización diaria do contido da información en emerxencia.

CAPÍTULO IV

Información ao persoal de intervención en emerxencias nucleares ou radiolóxicas

Artigo 10. *O deber de información previa.*

1. Corresponde aos directores dos plans de nivel de resposta exterior velar para que o persoal de intervención reciba a información previa, suficiente e adecuada, segundo o establecido no artigo 11.

2. No proceso de información previa ao persoal de intervención colaborarán e prestarán asesoramento técnico o Consello de Seguridade Nuclear e a autoridade sanitaria competente.

Artigo 11. *Contido da información previa.*

A información será detallada no que se refire aos riscos para a saúde que poidan comportar as súas intervencións, e sobre as medidas de autoprotección e de protección radiolóxica que deban tomarse en conta en tales casos. A dita información terá en conta os diferentes tipos de emerxencia que poidan producirse e o tipo de intervención.

Artigo 12. *Actualización da información previa.*

1. A información será actualizada de forma regular, en coordinación cos programas de formación previstos para o persoal de intervención en emerxencias nucleares ou radiolóxicas.

2. No caso dos plans de emerxencia nuclear, a frecuencia desas revisións e actualizacións será, como mínimo, dunha vez cada catro anos.

3. No caso dos plans especiais de protección civil ante o risco radiolóxico, a frecuencia desas revisións e actualizacións será a que neles se estableza.

Artigo 13. *Información en caso de emerxencia nuclear ou radiolóxica.*

Tan pronto como se produza unha emerxencia nuclear ou radiolóxica, os directores dos plans de nivel de resposta exterior, con carácter previo á intervención, deberán complementar a información indicada no artigo 11, tendo en conta as circunstancias específicas.

CAPÍTULO V

Información á Unión Europea e aos seus Estados membros, a terceiros países e a outras organizacións internacionais

Artigo 14. *Información á Unión Europea e aos seus Estados membros, a terceiros países potencialmente afectados e a outras organizacións internacionais.*

A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e o Consello de Seguridade Nuclear cumprirán cos compromisos adquiridos en materia de información, comunicación, pronta notificación e asistencia coa Unión Europea, os seus Estados membros, terceiros países e outras organizacións internacionais tan pronto como se dean as condicións para isto e, en todo caso, sempre que se produza unha emerxencia nuclear ou radiolóxica en territorio nacional que poida ter consecuencias noutros Estados membros ou terceiros países.

Disposición adicional primeira. *Programas de información preventiva.*

1. Os plans de nivel de resposta exterior a emerxencias nucleares e radiolóxicas, de conformidade co artigo 10.3 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, deberán conter programas de información e comunicación preventiva e de alerta que permitan aos cidadáns adoptar as medidas oportunas para a salvagarda de persoas e bens, facilitar en todo canto sexa posible a rápida actuación dos servizos de intervención e restablecer a normalidade rapidamente despois de calquera emerxencia nuclear ou radiolóxica. A difusión destes programas deberá garantir a súa recepción por parte dos colectivos máis vulnerables.

2. No seu contido incorporaranse as medidas adecuadas de accesibilidade para as persoas con discapacidade, en especial, as encamiñadas a asegurar que reciben esta información e comprenden o contido destes plans.

Disposición adicional segunda. *Colaboración dos medios de comunicación.*

Segundo o previsto o artigo 7 bis.8 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, os medios de comunicación están obrigados a colaborar de maneira gratuíta coas autoridades na difusión das informacións preventivas e operativas ante os riscos e emerxencias na forma que aquelas lles indiquen, garantindo que toda a información facilitada sexa accesible e comprensible utilizando medios e canles adecuadas para as persoas con discapacidade, e nos termos que se establezan nos correspondentes plans de emerxencia nuclear do nivel de resposta exterior, e nos plans especiais de protección civil ante o risco radiolóxico.

Disposición adicional terceira. *Instrumentos de colaboración.*

O Ministerio do Interior, de acordo co disposto no artigo 11.2 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, poderá subscribir instrumentos de colaboración con outros departamentos ministeriais, con outras administracións públicas, con entidades públicas ou privadas e asociacións representativas das persoas con discapacidade para a realización das actividades de información previa á poboación que probablemente poida resultar afectada por unha emerxencia nuclear ou radiolóxica, que poderán ser financiadas total ou parcialmente con cargo ao Fondo de Prevención de Emerxencias.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda sen efecto o Acordo do Consello de Ministros, do 1 de outubro de 1999, relativo á información do público sobre medidas de protección sanitaria aplicables e sobre o comportamento que hai que seguir en caso de emerxencia radiolóxica, así como calquera norma de igual ou inferior rango que contradiga o disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.29.^a e 16.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de seguridade pública, e en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español o contido dos artigos 70 e 71, así como o anexo XII, e de maneira parcial os artigos 17 e 99 da Directiva 2013/59/Euratom do Consello, do 5 de decembro de 2013, pola que se establecen normas de seguridade básicas para a protección contra os perigos derivados da exposición ás radiacións ionizantes e se derrogan outras directivas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO

ANEXO I

Información previa para a poboación que poida resultar afectada por unha emerxencia nuclear ou radiolóxica

1. Nocións básicas sobre a radioactividade e os seus efectos no ser humano e no ambiente.
2. As distintas clases ou categorías de emerxencia postuladas e as súas consecuencias para a poboación e para o ambiente.
3. Medidas de emerxencia previstas para alertar, protexer e socorrer a poboación en caso de emerxencia nuclear ou radiolóxica.
4. Información adecuada sobre o comportamento que deberá observar a poboación en caso de emerxencia nuclear ou radiolóxica.

ANEXO II

Información que debe subministrarse á poboación afectada se se produce unha emerxencia nuclear ou radiolóxica

1. En función do plan de nivel de resposta exterior ante emerxencias establecido previamente, a poboación efectivamente afectada en caso de emerxencia nuclear ou radiolóxica recibirá de forma rápida e reiterada:

a) Información sobre a situación de emerxencia ocorrida e, na medida do posible, sobre as súas características (tales como a súa orixe, a súa magnitude, a súa previsible evolución).

b) Instrucións de protección que, segundo o caso de que se trate, poderán:

i. Referirse, entre outros, aos elementos mencionados a continuación:

- Restrición do consumo de certos alimentos e auga que poidan estar contaminados.
- Normas fundamentais de hixiene e descontaminación.
- Recomendación de permanencia no domicilio.
- Distribución e uso de substancias protectoras.
- Disposicións que deban adoptarse en caso de evacuación.

ii. Ir acompañadas, se for necesario, de advertencias especiais para determinados grupos de poboación.

c) Consellos de cooperación, no marco das institucións e requirimentos formulados polas autoridades competentes.

2. Se á situación de emerxencia precedese unha fase de prealerta, a poboación que poida verse afectada recibirá xa durante esta fase información e consignas tales como:

a) Instrucións á poboación afectada para que permaneza atenta ás canles de comunicación pertinentes, como a radio, a televisión, páxinas web oficiais, as redes sociais de contas institucionais ou outros de similar impacto.

b) Instrucións preparatorias destinadas ás organizacións que teñan responsabilidades colectivas específicas.

c) Recomendacións aos grupos ocupacionais especialmente afectados.

3. Esta información e estas instrucións completaranse en función do tempo dispoñible, cun recordatorio das nocións básicas sobre a radioactividade e os seus efectos no ser humano e o ambiente.